

ANUNCIO

SELECCIÓN DE 1 PEÓN E 2 PEÓNS ALBANÉIS, PARA REFORZO SERVIZO MANTEMENTO CENTROS ENSINO DO CONCELLO, ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 4 de agosto de 2009, acordou a contratación laboral, ao abeiro do contrato eventual por circunstancias da produción (acumulación de tarefas), de 1 peón e 2 peóns albanéis, para reforzo do servizo de mantemento dos Centros de Ensino do Concello, ata o 31 de decembro de 2009.

A selección levarase a cabo mediante a celebración dunha proba selectiva que se celebrará o día 12 de agosto de 2009, ás 9,30 horas, na Casa do Concello, debendo os aspirantes acudir provistos do D.N.I. e, de ser o caso, para que se lles teña en conta na entrevista persoal, entregar, no momento da súa celebración, fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e xustificante das cargas familiares.

Para máis información e examinar os criterios de selección nas oficinas e no tabloleiro de edictos do Concello.

Vilagarcía de Arousa, 6 de agosto de 2009

A ALCALDESA,

Asdo/ M^a. Dolores García Giménez

BASES OU CRITERIOS DE SELECCIÓN QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN LABORAL DE UN PEÓN E DOUS PEÓNS ALBANEIS PARA REFORZO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS CENTROS DE ENSINO.

1º.- É obxecto do presente prego de condicións, fixa-las bases que han de rexe-la selección de 1 peón e 2 peóns albaneis para reforzo do servizo de mantemento dos centros de ensino, ata o 31 de decembro de 2009.

O tipo de prestación de servizos, será en réxime de contratación laboral na modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción (acumulación de tarefas), conforme o disposto no art. 3 do R.D. 2720/1998.

2º.- A proba selectiva, levarase a cabo o día 12 de agosto de 2009, ás 9,30 horas, na Casa do Concello, debendo os aspirantes acudir provistos do D.N.I. e, de se-lo caso, para que se lles teña en conta na entrevista persoal, entregar, no momento da súa celebración, fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e xustificante das cargas familiares.

3º.- A selección levarase a cabo mediante a celebración dunha proba selectiva, que consistirá nunha entrevista individual que versará sobre:

- Experiencia profesional
- Coñecementos sobre os traballos a realizar.
- Coñecementos sobre a Administración Local.

Asemade terase en conta

- A antigüidade como demandante de emprego e as cargas familiares

4º.- A proba selectiva será cualificada do xeito seguinte:

- A entrevista cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superala obter unha puntuación mínima de 5 puntos, quedando eliminados os que non a acaden.

- A antigüidade como demandante de emprego e as cargas familiares:

Antigüidade no paro:

Menos de 6 meses	0,00 puntos
6 meses	0,25 puntos
1 ano	0,50 puntos
18 meses	0,75 puntos
2 anos	1,00 puntos
30 meses	1,25 puntos
3 anos ou máis	1,50 puntos

Para determinar a antigüidade no paro tomarase como referencia a data de inscrición que figure na tarxeta de demandante de emprego.

Cargas familiares:

Número de membros a cargo do aspirante	Puntos
0	0,00
1	0,50
2	1,00
3	1,50
4	2,00
Máis de 4	2,50

Para determinar as cargas familiares tomarase como referencia o/a cónxuxe e fillos sempre que convivan co aspirante, e carezan de calquer tipo de ingreso.

5º.- O Tribunal seleccionador será designado pola Alcaldía e contará cos seguintes membros:

Presidente: Un/ha funcionario/a do Concello.

Vogais: Tres empregados públicos

Secretaria: A da Corporación ou funcionario/a no/a que delegue.

6º.- O Tribunal proporá para a súa contratación ó aspirante que obteña maior puntuación na proba selectiva.

Asemade o Tribunal poderá designar suplentes, que o serán pola orde de puntuación da proba selectiva.

7º.- O proposto comezará a prestar servizos na data que se sinale pola Alcaldía, debendo presentar previamente no Negociado de Persoal do Concello fotocopia do D.N.I., da cartilla da Seguridade social , e tarxeta de demandante de emprego.

O dispuxo e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, ante min, a Secretaria, que CERTIFICO.

A ALCALDESA

A SECRETARIA XERAL

Asdo/ M^a Dolores García Giménez

Asdo/ Rosa Losada Suárez